



INFORME DA INTERVENCIÓN DE CONTAS DE SOM ENERGIA ASEMBLEA XERAL 2020

Este documento é unha tradución ao galego do documento «[Informe Interventors SOM ENERGIA Asemblea 2020.pdf](#)» en lingua catalá que os interventores asinaron e ao que se remiten ante calquera dúbida de interpretación

Para a Asemblea Xeral de 20 de xuño de 2020

Como Intervención de Contas, elixida pola Asemblea, ao obxecto de dar cumprimento á función que nos encomenda o artigo 53 dos estatutos vixentes de SOM ENERGIA, SCCL, e asumindo as responsabilidades recollidas na lexislación aplicábel, emitimos o seguinte informe sobre a memoria explicativa da xestión da empresa, o balance, a conta de resultados e os demais documentos contábeis que, preceptivamente, se someten á Asemblea Xeral de 2020. O noso informe, segundo a encarga estatutaria e legal, debe abranguer tamén calquera outro documento contábel que preceptivamente deba ser sometido á aprobación da Asemblea. No momento de asinar este informe, descoñecemos o contido concreto das propostas levadas á Asemblea en referencia á aplicación de resultados, o tipo de xuro a aboar ás achegas voluntarias ao capital social, e o nomeamento e bases de remuneración da auditoría ou, de levarse a aprobación da Asemblea, calquera proposta relativa a achegas obrigatorias ao capital social ou voluntarias, á emisión de débeda da cooperativa e a calquera outra decisión que

implique unha modificación substancial da estrutura económica da cooperativa. Non nos podemos pronunciar, polo tanto, sobre o seu contido concreto.

Debemos lembrar que a vixente Lei 12/2015, de 9 de xullo, de Cooperativas de Cataluña no seu artigo 65.5 establece que «Para elaborar o devandito informe, os interventores dispoñen dun prazo máximo dun mes, a contar desde a data en que o consello reitor lles entregar a documentación pertinente». Por outra parte, o informe da Intervención debe estar a disposición dos socios e as socias cun mínimo de quince días de antelación á Asemblea Xeral.

Como a Asemblea terá lugar o próximo 20 de xuño, o prazo máximo para entregar o noso informe era hoxe, 4 de xuño. Desgraciadamente, recibimos os documentos definitivos das contas anuais de 2019 o 1 de xuño, que non puidemos revisar exhaustivamente. Polo tanto, para emitir a nosa opinión traballamos basicamente con documentación non definitiva recibida até o día 21 de maio.

Porén, tal e como indicamos no informe para a Asemblea do 2018, os membros da Intervención consideramos que este informe é, sobre todo, a conclusión anual do traballo continuado de coñecemento da xestión económica, financeira, patrimonial e contábel que imos realizando para dotarnos dunha visión o máis precisa posíbel. Debemos sinalar que a colaboración co equipo delegado, a responsábel de Finanzas e o Consello Reitor foi fluída, proporcionáronnos a información requirida –tanto sobre a principal, como sobre as participadas– a medida que estaba dispoñíbel, proporcionáronnos explicacións ás cuestións que presentamos, celebramos as reunións necesarias co fin de comprender con exactitude e complementala e puidemos manifestar a nosa opinión de xeito libre e independente.

Como veremos ao longo do informe, a colaboración mantida con todas estas persas fainos sentir unha relativa satisfacción sobre a atención recibida para encamiñar a resolución dalgúns dos temas sobre os que nos manifestamos en informes anteriores.

Así, na Intervención analizamos tanta información se nos proporcionou e, baseándonos no noso coñecemento e criterio, o balance de situación e a conta de perdas e ganancias do exercicio 2019 de SOM ENERGIA, SCCL, os das sociedades participadas onde

ostenta unha posición dominante e as consolidadas do Grupo SOM ENERGIA reflicten axeitada e fielmente as súas situacións financeiras e patrimoniais, e o resultado das operacións efectuadas. As memorias de SOM ENERGIA e do Grupo –non recibimos as memorias das participadas–, que forman parte integrante das contas anuais, subministran a información necesaria e suficiente para a súa comprensión, a pesar de que na nosa opinión conviría, nalgúns aspectos, que iremos detallando no transcurso deste informe, maior claridade e profundidade explicativa.

Dito isto, propomos a aprobación das contas anuais do exercicio 2019 presentado á Assembleia xeral ordinaria de 2020.

Froito das revisións practicadas durante este exercicio e os anteriores, entendemos que hai unha serie de temas de xestión económica, financeira e patrimonial sobre os que temos que manifestar a nosa opinión aos socios e socias porque pensamos que hai que revisalos, estudalos ou informar sobre eles de xeito diferente.

Referímonos a:

1. Desaxustes na facturación Endesa ano 2017

A partida debedora de 779 mil euros que houbo no peche do ano 2017, correspondente a facturas da empresa ENDESA, que SOM ENERGIA tería «avanzado», regularizouse de forma espontánea durante o exercicio 2018, presentando un saldo acredor coherente cos volumes de compra e os prazos de pagamento sen ter podido obter evidencia suficiente da súa orixe. Durante o exercicio 2019 tampouco se puido dilucidar a que respondeu aquel saldo debedor, mais o saldo acredor mantense coherente cos volumes de compra e prazos de pagamento.

Comunicóusenos, porén, que se implantou un programa informático que cadra de forma individualizada e automática o consumo de cada contrato co gasto facturado pola distribuidora polo mesmo contrato. Entendemos que con este *software* non se poderá reproducir a situación debedora do ano 2017.

2. Incremento de recursos técnicos e humanos na Área Económica e Financeira

A cooperativa SOM ENERGIA, SCCL converteuse nunha empresa de grande envergadura cunha facturación de 62 millóns de euros, máis de 110.000 contratos, máis de 65.000 socias e 10 empresas participadas.

Unha sociedade destas características require ter uns alicerces moi sólidos e precisa un departamento contábel e financeiro dotado axeitadamente de persoal e de infraestrutura informática de xestión empresarial.

Durante o exercicio incorporouse unha responsábel financeira que permitiu avanzar axeitadamente en boa parte dos temas apuntados nos nosos informes de exercicios anteriores. Pensamos que é insuficiente e é precisa a incorporación cando menos doutra persoa, que libere tarefas financeiras e contábeis, e permita a dedicación exclusiva dunha persoa ao control de xestión e a análise da actividade. Igualmente, entendemos que hai un investimento importante e urxente en informática cun sistema ERP que permita integrar a información de todas as áreas de xestión da cooperativa –comercialización, facturación, contabilidade, finanzas...– e desenvolva aquelas aínda non existentes –como poden ser provisiones, toma de decisións...–, e permita tamén implantar de xeito automatizado a contabilidade analítica.

3. Contabilidade analítica

Tendo en conta as recomendacións dos nosos informes de exercicios anteriores, a Área Económica e Financeira pediunos colaboración para deseñar os criterios e a planificación que debería ter a contabilidade analítica para coñecer mellor a eficiencia económica e financeira de todos os centros de custo da actividade da cooperativa, poder ter un control máis preciso dos seus resultados e favorecer a implicación de todos os equipos de traballo na súa consecución e no control do gasto.

Froito da colaboración mantida, elaboraron os centros de custo para considerar e os criterios de imputación de ingresos e gastos para aplicar na contabilidade analítica. Desgraciadamente, non se puido implantar a contabilidade analítica deseñada, debido a problemas coas capacidades de integración dos actuais sistemas informáticos de xestión.

O orzamento 2020 xa se elaborou seguindo as pautas de análise contábel acordadas. A Área Económica e Financeira maniféstanos estar comprometida a levar xa durante 2020 o control da contabilidade analítica de xeito manual. Felicitámonos polo avance acadado nesta cuestión.

Para dar un paso máis, entendemos que sería conveniente dotarse dun cadro de mando integral (conxunto dos indicadores máis relevantes do desempeño da estratexia e xestión empresarial), para axudar o seguimento e a toma de decisións directivas no nivel de cumprimento de obxectivos previamente establecidos.

4. Información económica do peche de 2019

Neste exercicio 2019, o equipo técnico, co impulso do Consello Reitor, presentou nunha conferencia telemática aberta a todos os socios que o desexaron un informe explicativo das contas anuais 2019 da cooperativa. Pensamos que esta é unha boa práctica para manter en exercicios futuros, que se terá que ampliar mellorando a información que se expón.

Somos da opinión de que a difusión telemática deste tipo de informacións a todas as persoas socias interesadas debería realizarse de xeito periódico, idealmente trimestral, e non unicamente no peche anual.

5. Cambios no patrimonio neto

Como destaca a auditoría e explican as notas de «Comparación da información» das memorias anuais de SOM ENERGIA e do grupo, neste exercicio modificouse o criterio de imputación contábel das achegas voluntarias. Até agora considerábanse débedas a longo prazo dentro do pasivo non corrente e agora considéranse fondos propios consolidados (capital social cooperativo) e inclúense como patrimonio neto. O importe desta reclasificación contábel é de 5,77 millóns de euros.

Esta modificación foi razoada polo equipo delegado e asumida polo Consello Reitor. Aínda que a argumentación dada na memoria pode considerarse unha interpretación que non contravén a lexislación vixente, segundo opinión da auditoría e asesorías xurídicas, na nosa opinión, tanto pola historia da súa emisión e da súa retribución, da

cousa escrita ás comunicacións da cooperativa, dos contratos emitidos..., consideramos que esta reclasificación non se debeu producir a falta dunha maior análise das implicacións fiscais e contábeis sobre a consideración que deben ter as retribucións futuras –reparto de dividendos ou gasto financeiro, como mesmo se mantén neste exercicio– e a consideración de sociedade non lucrativa da cooperativa.

As emisións de capital social realizáronse co fin de obter recursos para investir en proxectos de xeración de enerxía. Non teñen vencemento e teñen previsto un pagamento de xuro por cada exercicio, a pesar de que a Assembleia poida decidir que a remuneración sexa do 0 %. Unha decisión deste tipo implicaría que o seu valor para os socios e socias se depreciaría por efecto da inflación con perigo de solicitudes masivas de devolución das achegas. Estas emisións, na nosa opinión, son emisións de débeda a terceiros e deben formar parte do pasivo non corrente.

O argumento expresado nas memorias segundo o cal a decisión de facer esta modificación é apoiar o mundo cooperativo na reivindicación de que «a única ferramenta de que dispoñen as cooperativas para aumentar os fondos propios e reforzar o seu balance de situación» e «un agravio comparativo a respecto das sociedades mercantís», foi unha decisión política. No noso entender, os analistas financeiros descontarán estas achegas para calcular os cocientes de solidez financeira.

Aínda que entendemos que estes argumentos non teñen suficiente peso por si mesmos para facer precisa esta reclasificación, facela non achegará ningún prexuízo á cooperativa, mais tampouco ningunha vantaxe.

6. Análise do resultado do exercicio

O resultado do exercicio 2019 foi bo, cun beneficio de 1.214.829 euros, mais este importe sobreviui sen estar orzamentado, de xeito casual e independente de decisións de xestión durante o exercicio. O resultado orzamentario previsto para o exercicio 2019 era de 65.821 euros.

En relación co orzamento, a partida de ingresos por vendas da comercialización tivo unha desviación positiva de 2.107.417 euros e a partida de pagamento por compras de enerxía tivo un menor custo de -584.407 euros. Esta diferenza materializouse debido á evolución á baixa dos prezos do mercado eléctrico desde agosto e a pesar de que a cobertura de prezos futuros nos custou este ano 2,78 millóns de euros por riba dos prezos de mercado.

En relación co exercicio anterior, o crecemento das vendas de electricidade foi do 36,7 %, mentres que os gastos de aprovisionamento medraron unicamente o 14,3 %. Hai que constatar que a cifra de ingresos incorpora a anulación da provisión de enerxía pendente de facturar por 720,3 miles de euros de 2017. Como consta nas notas de corrección de erros das memorias anuais, non se anulou no exercicio 2018 e agora supoñen un menor ingreso.

A diferenza máis importante debeuse á redución do prezo de cotización da enerxía de 2019 a respecto de 2018, cunha baixada do prezo medio do 16,40 % de 58,12 € / MWh en 2018 a 48,59 € MWh en 2019, segundo detalla OMIE no seu informe anual de 2019 e o mantemento das tarifas de SOM ENERGIA durante todo o exercicio 2019. Dito doutro xeito, mantivemos durante todo o exercicio, e aínda agora, unhas tarifas un 19,6 % máis caras que a media anual do mercado en 2019.

O Consello Reitor está autorizado a modificar as tarifas en caso de desviacións importantes dos prezos da enerxía. Nestes casos, habería que axustar as tarifas con máis axilidade para dar cumprimento aos orzamentos autorizados pola Asemblea. Concretamente, neste exercicio debería terse reducido o prezo que paga toda a nosa clientela polo seu consumo de electricidade.

Polo lado dos gastos de explotación, hai que sinalar que non se observa a existencia dunha política de contención dos gastos en servizos de terceiros, que tiveron crecementos a respecto de 2018 superiores ao da cifra de vendas en case todas as rúbricas e en conxunto medraron un 78 %. A pesar da demora na incorporación de persoal até finais de ano, a partida de persoal tivo unha desviación positiva de 268.902 €

a respecto do orzamento. Estes gastos medraron este ano case ao mesmo ritmo que a cifra de negocios, o 36,4 %.

A gran diferenza entre os ingresos por vendas de electricidade e o aprovisionamento de enerxía permitiron:

- Por primeira vez, dotar provisión necesaria para o imposto de actividades económicas de 740.000 euros –provisión que deberá manterse en exercicios futuros–.
- Continuar a dotar provisión para as taxas municipais de ocupación do solo por importe de 205.000 euros.
- Aprovisionar 400.400 euros ante a incerta actualización futura do pagamento realizado polo Bono Social 2019, que está calculado a partir de datos de contratos de 2017, como diferenza exacta entre o cobrado á clientela da cooperativa e o efectivamente pagado por este concepto –esta provisión está sen efecto sobre o resultado do exercicio–. En caso de que non sexa reclamada polas autoridades competentes nos próximos exercicios, se cadra deberá devolver á clientela os importes que pagaron en exceso en concepto de bono social durante 2019.

7. Marxe sobre o EBITDA

Para dar solvencia á cooperativa, o único xeito de conseguilo é cos beneficios de cada exercicio que non se repartan e que queden como reservas.

Pensamos que estas reservas se utilizarán para financiar proxectos de xeración de enerxías renovábeis. Os proxectos de enerxías renovábeis deben ter un financiamento, por exemplo, do 80 % con débeda de terceiros e o 20 % dos fondos propios da cooperativa provenientes das reservas e do capital cooperativo.

Por este motivo, sería bo que o obxectivo de resultado da cooperativa para cada exercicio sexa dun mínimo do 3 %¹ do resultado bruto de explotación EBITDA

¹Nos informes de exercicios anteriores, primeiro apuntamos a necesidade de cambio de criterio a marxe sobre o EBITDA e despois atrevémonos a propor unha franxa orientativa entre o 1 % e o 2 %. Este ano, con maior coñecemento da economía da cooperativa, pensamos que o 2 % é insuficiente.

(ganancias previas a xuros, taxas, depreciacións e amortizacións). Este importe converteríase nun 2 % ou 2,25 % do resultado final despois de impostos.

Un beneficio final dun 2 % da facturación do ano 2019 de 64.847.670 euros resulta un beneficio de 1.296.953 euros, e con este importe poderían facerse investimentos en proxectos de xeración por un importe de 6.484.767 euros cun financiamento do 80 % en débeda allea.

Para o orzamento do exercicio 2020, cunha cifra de negocio prevista de 77.239.740 euros, o 2 % de beneficio será de 1.544.794 e poderían facerse investimentos en proxectos de xeración por un importe de 7.723.974 euros cun financiamento do 80 % en débeda allea.

Congratulámonos de que, seguindo a opinión expresada nos nosos informes de anteriores exercicios, finalmente se leve a decisión da Asemblea o cambio de criterio para a determinación das tarifas a aplicar, polo que aseguramos un resultado antes de impostos e amortizacións que permite facer fronte aos gastos correntes de xestión. Pensamos, porén, que a marxe que finalmente se pide aprobar² é, por unha banda, insuficiente para o financiamento de investimentos en xeración e, por outra, obriga a un control do custo de aprovisionamento e do gasto moi esixentes para asegurar que sexa positivo.

8. Provisións para ingresos e pagamentos pendentes

Atendendo a opinión expresada nos nosos informes de exercicios anteriores, este ano variouse a metodoloxía de estimación³ das cantidades para aprovisionar por enerxía consumida e pendente de facturar á clientela, por pagamentos pendentes por desvío na enerxía efectivamente comprada no mercado e polos pagamentos pendentes por capacidade, peaxes de acceso e potencia a devindicar durante o exercicio 2019. Estas

² Na sinatura deste informe non coñecemos a proposta concreta que se leva á Asemblea. Oímos comentar que se levaría a aprobación un rango entre o 0,5 % e o 2 %.

³ Entendemos que por erro nas memorias se di que «non» se variou.

provisións supoñen un total de 895.013 euros no resultado do exercicio (1.022.435 euros en 2018).

Entendemos que o novo sistema de estimación mellora substancialmente a fiabilidade a respecto do anterior, xa que diminúe a variabilidade dos importes resultantes para aprovisionar ante pequenos cambios nos supostos utilizados. Agora, como apuntabamos en informes anteriores, utilízanse datos reais coñecidos pouco despois de finalizado o exercicio, mais antes do peche contábel e dispónse dunha mellor información de base proporcionada polas melloras introducidas nos sistemas informáticos.

Felicitámonos por esta mellora.

9. Invitación a clientela non socia

Actualmente, a cooperativa xa ten máis de 110.000 contratos e unha facturación superior a 66 millóns de euros. Con estes datos xa se consolidaron os recursos necesarios para facer fronte aos custos fixos.

Para non converter SOM ENERGIA, SCCL noutra sociedade comercializadora de enerxía eléctrica verde e consolidala como cooperativa de consumo de enerxía eléctrica verde sen ánimo de lucro, pensamos que é preciso deixar de convidar nova clientela que non sexa socia.

As achegas do capital cooperativo obrigatorio que cada persoa socia achega para entrar na cooperativa actualmente utilízanse para dispor dun fondo líquido en tesouraría para atender o desfase temporal entre o pagamento das facturas das distribuidoras e provedores, os gastos de persoal e as liquidacións, os contratos de futuros e o cobramento das facturas á clientela.

A clientela non socia non axuda a este financiamento. Até a data, foi un bo recurso para incrementar a base de clientela e poder axudar ao pagamento dos custos de estrutura, mais a partir de agora pensamos que se debería cambiar a estratexia e centrarnos en comercializar contratos só para persoas socias e os seus familiares até o grao de parentesco que se estime oportuno.

10. Uso de instrumentos de cobertura do prezo de aprovisionamento

Para poder garantir os prezos autorizados pola Asemblea de xuño a xullo de cada período, estanse a utilizar operacións de compra no mercado de futuros de enerxía. Este produto financeiro ten unhas liquidacións diarias segundo os prezos de mercado que hai que garantir depositando as diferenzas en efectivo a favor do vendedor.

Debido á baixada do prezo de mercado do kWh, no peche do exercicio, as liquidacións obrigaron a depositar un total de 3.593.174 euros como garantía, dos que 3,19 millóns son a curto prazo e 0,4 a máis dun ano. Este ano quedaron contabilizados no activo en concepto de investimentos financeiros en derivados de xeito máis correcto que en exercicios anteriores, nos que figuraban na rúbrica de tesouraría.

Dada a evolución do mercado até finais do primeiro semestre de 2020, estes fondos ociosos aínda deben ser superiores a estas alturas, e fan desviar a esta aplicación grandes cantidades de fondos destinados a outros fins como o investimento en novas plantas de xeración. Pensamos que hai que variar sensibelmente a xestión da cobertura de prezos de xeito rápido para non comprometer os fines para os que se solicitaron e obtiveron os fondos que agora están comprometidos nesta aplicación en tanto non venzan os contratos de cobertura comprados.

Primeiro teríase que reducir o horizonte tarifario temporal para garantir a los clientes. Reducíndoo de anual a semestral reduciríamos á metade a utilización de tesouraría actual. Tamén se deberían dispor, e incluso incentivar, tarifas indexadas aos prezos de mercado para a clientela á que poida interesar. A enerxía a aprovisionar para quen se acolla á indexación non precisaría constituír ningunha garantía. Neste sentido, consideramos acertado que a proposta tarifaria que parece que se presentará á Asemblea⁴ contemple ambas medidas.

Por outro lado, o noso criterio sería deixar de utilizar futuros inmediatamente como operacións de garantía e estudar a posibilidade da contratación de SWAPS ou opcións. Estes instrumentos financeiros, a pesar de ter un prezo de cotización un pouco máis caro, non teñen liquidacións diarias e obrigan a consumo de tesouraría. Hai que ter

⁴ Como dixemos, a data da sinatura do informe, na Intervención non dispomos das propostas que se presentarán na Asemblea.

presente que actualmente o custo de oportunidade dos fondos utilizados para as operacións de futuros non está calculado nin imputado.

Entendemos que non é razoábel, nin economicamente sustentábel, que todo o capital cooperativo, as reservas e parte das emisións de capital social –explicitamente así consta na última das emisións– estean a utilizarse como fondo de liquidez para facer fronte ao pagamento das facturas das distribuidoras, provedores e persoal, e para as operacións do mercado de futuros.

11. Donativo voluntario

O donativo voluntario dun céntimo por kWh financia segundo acordo assembleario en dous terzos as actividades de gobernanza, participación e solidarias da cooperativa e nun terzo as actividades de estudo e xestión de investimentos en xeración. Todas as familias que participan teñen o noso recoñecemento e respecto.

Os traballos entre equipo técnico e a Intervención para establecer os criterios de contabilidade analítica permitiron analizar con máis detalle o resultado destas actividades. Seguindo este criterio, este ano xa non se consideraron analiticamente dentro destas actividades as propias de goberno e participación dos socios e socias por ser inherentes e imprescindíbeis para a mesma vida cooperativa.

Dado que SOM ENERGIA SCCL é unha cooperativa sen ánimo de lucro, en liña co manifestado no Informe explicativo das contas anuais 2019 de SOM ENERGIA presentado ás persoas socias por multiconferencia, mencionado na sección 4 anterior «Información económica do peche 2019», pensamos que sería axeitado establecer un grupo de traballo para estudar como se xeran os recursos necesarios para financiar as actividades que exceden a estrita actividade da empresa como cooperativa de comercialización de enerxía eléctrica, cales deben ser estas actividades onde utilízalos e baixo que figura legal é mellor xestionalos.

Na nosa opinión, todas as persoas socias e clientas deben participar na súa xeración equitativamente, polo tanto inclinámonos a optar para que sexan xerados desde o

orçamento xeral con cargo a ingresos tarifarios ordinarios⁵ e, polas súas vantaxes fiscais, apuntamos como ferramenta de xestión a constitución dunha fundación para xestionalos.

12. Resultado financeiro

O resultado financeiro presentado no exercicio 2019 de 68.988,50 euros é correcto contabelmente⁶.

Revisando separadamente cada partida que conforma o resultado financeiro cunha visión de contabilidade analítica, podemos observar que:

- Os ingresos provenientes de participacións en instrumentos financeiros de patrimonio corresponden aos dividendos das empresas participadas. No exercicio 2019 só houbo unha empresa que repartiu dividendos, INICIATIVAS ENERXÉTICAS COMBINADAS, SL, (INECO), que é a única sociedade que non ten ningún préstamo con SOM ENERGIA, SCCL. A compra desta sociedade fíxose, integramente, coa compra das accións. De aí que co cobramento dos dividendos debemos ter presente que estamos a cobrar os custos financeiros que hai que repercutir na emisión de débeda que se fixo para poder financiar esta compra e tamén a devolución de capital da emisión. Concretamente, a compra da sociedade supuxo un custo de 851.572 euros.

En 2017 cobrouse un dividendo de 80.656,50 euros. Deste importe, 14.902,51 euros corresponderían aos xuros a razón de 1,75 % dos 851.572 euros e 65.753,99 euros corresponderían á devolución do investimento para poder amortizar a emisión de débeda.

En 2018 cobrouse un dividendo de 72.218,48 euros. Deste importe, 13.751,82 euros corresponderían aos xuros a razón de 1,75 % dos 785.818,01 pendentes de amortizar e 58.466,66 euros corresponderían á devolución do investimento para poder amortizar a emisión de débeda.

⁵ Este motivo tamén se suma para acordar unha marxe sobre o EBITDA superior ao orzamento nesta Asemblea.

⁶ Máis adiante, expresamos dúbidas sobre a estrita corrección do tratamento contábel dos menores ingresos pola aplicación de tarifas ás accións enerxéticas do proxecto Generation kWh.

En 2017 cobramos un dividendo de 71.480,01 euros. Analiticamente, deste importe, 12.728,65 euros corresponderían aos xuros a razón de 1,75 % dos 727.351,35 pendentes de amortizar e 58.751,36 euros á devolución do investimento para poder amortizar a emisión de débeda.

- Os ingresos por outros instrumentos financeiros proveñen dos préstamos ao resto de empresas de xeración asociadas. O capital para facer posíbel estes préstamos e todos os gastos financeiros corresponden a dúas modalidades de emisións de débeda remuneradas con xuros cuxo pagamento constitúe os gastos financeiros contabilizados:

- Participacións preferentes, de vencemento a longo prazo a un xuro do 4 % e actualmente residuais cun importe vivo de 412.500 euros.
- Capital social voluntario, emisión perpetua sen vencemento con xuro devindicado segundo acordo anual da asemblea –actualmente do 1,75 %.

En concreto, os ingresos polas emisións de participacións preferentes e capital social sería a suma de 11.096 euros de RINGSTED, 32.421 euros de Makassar, 6.625 euros de GADSTRUP, 5.003 euros de Terborg, 39.300 euros de EXIOM e os calculados anteriormente provenientes dos dividendos de INECO de 12.728 euros.

Resulta un importe de 107.173 euros. Este importe debe facer fronte ao pagamento dos gastos financeiros destas emisións, 149.549 euros en 2019. O resultado financeiro analítico destas emisións é negativo en 42.376 euros.

- Tamén hai outro tipo de emisión de débeda non remunerada directamente con xuros, as emisións polo proxecto Generation kWh, con vencemento a 25 anos que se remuneran mediante dereitos de pagamento –as accións enerxéticas– de parte da enerxía consumida a prezo de custo de produción da enerxía nas plantas construídas con estas emisións –custo estimado de produción en 0,36 €/kWh.

Cando revisamos os ingresos financeiros, resulta que contabilizamos os ingresos provenientes dos préstamos a dúas sociedades outorgados para ser construídas coas

emisións do proxecto Generation kWh, un total de 52.289 euros (35.347 € de enerxía e 16.942 euros de FONTIVSOLAR), mais non contabilizamos os gastos ou menores ingresos asociados a estas emisións. Estes ingresos teñen que facer fronte ao menor ingreso obtido polas vendas de enerxía a custo de produción das plantas Generation kWh a que dan dereito as accións enerxéticas. Este menor ingreso non incluído como gasto financeiro cuantificouse en 87.542 euros durante 2019. O resultado financeiro analítico do proxecto Generation kWh é, pois, negativo en 35.253 euros.

En conclusión, entendemos que habería que informar na memoria de xeito moi claro os resultados financeiros analíticos segundo cada tipoloxía de emisións. Do resultado positivo presentado para o exercicio 2019 de 68.988 euros pasamos a un resultado analítico negativo de 77.629,16 euros.

	Resultado financeiro	
	Contábel	Analítico
Ingresos	218.213,63	218.213,63
Dividendos INECO	71.480,02	
Capital		58.751,37
Xuros		12.728,65
Xuros de préstamos a asociadas	146.733,61	
Empresas non Generation kWh		94.444,61
Empresas Generation kWh		52.289,00
Gastos	149.549,42	295.842,79
Amortización capital INECO		58.751,37
Xuros emisións capital	149.549,42	149.549,42
Menores ingresos Generation kWh		87.542,00
Resultado	68.664,21	-77.629,16

Insistimos, esta diferenza prodúcese basicamente por non contabilizar os menores ingresos polas tarifas Generation kWh como gastos financeiros.

Pensamos que hai que incrementar o custo financeiro que pagan as empresas participadas polos préstamos que lles deixou SOM ENERGIA, SCCL, para que asuman a totalidade do custo das emisións de participacións preferentes e capital social.

Por este motivo, tamén pensamos que non deberíamos utilizar o 100 % dos recursos necesarios para a construción de novas plantas de produción de enerxía renovábel coas emisións de débeda, sexa de capital social ou bancario. Habería que utilizar só o 80 % de capital alleo e un 20 % de capital propio. Este 20 % debería saír de parte do capital cooperativo que son os 100 euros que achegamos cada persoa socia e as reservas de SOM ENERGIA, SCCL, provenientes dos resultados positivos. É por este motivo que hai que ter un resultado positivo superior ao 3 % do EBITDA.

13. Emisións de débeda

Como explicamos na sección anterior, para financiar os proxectos de xeración de enerxía a cooperativa foi realizando emisións de débeda, participacións preferentes e capital social voluntario.

As emisións de capital social voluntario non teñen vencemento e pode solicitarse o seu reembolso en calquera momento. Para reducir o risco de cancelación masiva, a Asemblea de 2019 dotou o Consello Reitor do dereito a non acordar en cada exercicio cancelacións superiores a 1.350.000 euros ou o 10 % do capital social existente no inicio do exercicio.

Para reducir tamén este risco, na Intervención pensamos que habería que pór un importe máximo de achega voluntaria para cada socio ou socia.

Nos últimos proxectos conectados ou en construción, o prezo de investimento por familia tipo cun consumo medio de 2.500 kWh foise reducindo.

- A planta de Fontivsolar tivo un custo de 800.000 euros, subministra 685 familias e o investimento que debería facer cada familia sería de 1.167,88 euros.

- A planta de La Florida tivo un custo de 1.025.000 euros, subministra 1.040 familias e o investimento que debería facer cada familia sería de 985,58 euros.
- O parque eólico de Navarra está orzamentado en 26.500.000 euros, subministrará 34.085 familias e o investimento que debería facer cada familia sería de 777,47 euros.
- A planta de Anglesola está orzamentada en 1.800.000 euros, subministrará 1.882 familias e o investimento que debería facer cada familia sería de 956,43 euros.

Facendo a media aritmética dos últimos proxectos, o investimento que terían que facer as familias pola súa subministración sería de 817,47 euros.

Con estes datos, pensamos que sería bo pór como límite máximo para facer investimentos no capital social voluntario 5.000 € por cada socio ou socia. Este importe supón máis de 5 veces o importe necesario de financiamento por familia e garante que, se hai familias que non poidan dispor de aforros para investir, os proxectos poidan levarse a cabo.

Con este límite reduciríase o risco de cancelación masiva, mais fai preciso incorporar moitas máis persoas socias á participación nos investimentos con novas emisións. Para conseguir unha máis ampla participación habería que facer unha campaña de información e sensibilización.

Por outra banda, até o momento fixéronse sempre emisións de débeda para financiar o 100 % dos proxectos de xeración de enerxía verde. Como dixemos, pensamos que financiar sempre o 100 % dos investimentos representa un apalancamento demasiado importante e un risco para a cooperativa. Entendemos que sería prudente que os proxectos de xeración de enerxía se financiasen cun 80 % de débeda allea e un 20 % con fondos propios provenientes en parte do capital cooperativo e das reservas xeradas polos resultados positivos de exercicios anteriores.

Con esta formulación, na nosa opinión, non hai que ir procurar a débeda allea nos mercados financeiros e pode ser asumida completamente polas socias e socios.

Hai que ser conscientes de que esta formulación implica que o investimento en novos proxectos de xeración require dispor de fondos propios provenientes dos beneficios. Así vinculariamos o crecemento de xeración de enerxía á evolución de novas persoas socias e aos resultados obtidos.

14. Empresas participadas de xeración

Hai sociedades que presentan resultados negativos e non poden facer fronte cos fluxos xerados de *cash flow* aos xuros e amortizacións dos préstamos con SOM ENERGIA, SCCL. Outros teñen resultados positivos mais cos fluxos xerados de *cash flow* terán dificultade para facer fronte ás súas obrigas con SOM ENERGIA, SCCL, polos xuros e amortizacións dos préstamos.

Para reducir esta situación e non ter que facer novas inxeccións de recursos como achegas de persoas socias ás sociedades, parece que se está a estudar a posibilidade de facer PPA ou contratos bilaterais entre SOM ENERGIA, SCCL e cada sociedade participada.

Realizar contratos bilaterais traspasa resultados de SOM ENERGIA, SCCL ás empresas participadas. Cando o prezo de mercado sexa inferior ao prezo acordado no contrato bilateral, SOM ENERGIA, SCCL terá un sobrecusto pola compra de enerxía cara o prezo de mercado. Se o prezo de mercado é superior ao prezo acordado no contrato bilateral, SOM ENERGIA, SCCL terá unha ganancia para poder dispor de enerxía a mellor prezo que o mercado. Polos prezos que se terán que acordar nos contratos bilaterais para que as empresas participadas teñan un equilibrio financeiro, pensamos que de xeito xeralizado SOM ENERGIA, SCCL terá que ter un sobrecusto.

No suposto de que se fagan estes contratos bilaterais, ten que ser obrigado informar do sobrecusto de cada sociedade e do agregado en cada memoria para dar a máxima transparencia e non dar a sensación de que os proxectos de xeración teñen uns bos resultados e funcionan axeitadamente cando a prezos de mercado non sería certo.

Vendo a situación financeira xeral e histórica dos proxectos que temos en funcionamento, pensamos que a masa social tería que valorar a idoneidade da actual estratexia de xeración da cooperativa. Se continuamos a manter proxectos pequenos e

medios de xeración de enerxía, teremos que estar dispostos a pagar un prezo un pouco superior ao do mercado. Sería como o sobreprezo que hai que pagar para poder comprar produtos de agricultura ecolóxica.

15. Generation kWh

Actualmente, a cooperativa ten dous proxectos en funcionamento baixo o proxecto Generation kWh e un novo proxecto en construción. Cos xuros financeiros e dividendos dos dous proxectos non se pode facer fronte aos custos dos dereitos das accións enerxéticas. O resultado é negativo en 35.253 euros. A sociedade ENERGES ten resultados negativos de forma reiterada, que desequilibran o seu patrimonio neto. As dúas sociedades non xeran suficientes fluxos de *cash flow* para devolver o préstamo a SOM ENERGIA, SCCL.

Por outro lado, as emisións de débeda para promover estas instalacións amortízanse aos socios linearmente cada ano mentres a súa remuneración non depende do capital pendente de amortizar, senón da utilización de cada socio de consumos «bonificados». Isto supón un tipo moi alto de remuneración nos capitais prestados polos socios e consecuentemente un alto gasto financeiro para a cooperativa. Como explicamos anteriormente, este gasto, un menor ingreso, non está contabilizado.

Con todo o exposto, pensamos que hai que facer un grupo de traballo urxente para estudar a continuidade e viabilidade do proxecto Generation kWh, que revise o proxecto en todos os seus extremos –contractual, contábel, financeiro, fiscal...– para que os xuros que pagan as empresas máis os dividendos que poidan ter nun futuro poidan pagar o gasto que supoñen os dereitos das accións enerxéticas.

Actualmente, hai un transvase de resultados de SOM ENERGIA, SCCL cara as empresas que forman o proxecto de Generation kWh que non está cuantificado nin informado en ningunha parte, e que non dá unha imaxe fiel do proxecto, o que pode facer pensar que funciona economicamente de xeito correcto cando non é certo.

Na situación actual, se cadra hai que continuar coa construción da nova planta de Anglesola e manter aberta a emisión de novas accións enerxéticas até chegar ao financiamento total desta planta. Mais, unha vez acadado o seu financiamento,

consideramos que é preciso parar e non emitir novas accións enerxéticas até que o grupo de traballo dispoña de conclusións firmes para darlle un novo impulso con bases máis sólidas.

16. Misión da cooperativa

Entendemos que a misión da cooperativa é ser un instrumento para acelerar a transición enerxética cara o uso de enerxías 100 % renovábeis e limpas en todos os ámbitos da actividade humana, produtiva, de lecer ou de mobilidade.

Isto concretouse estratexicamente na visión de camiñar cara a produción propia do 100 % da enerxía que consumen as persoas socias e a clientela.

Nestes dez anos de vida da cooperativa, por unha banda, non puidemos dispor de suficiente capacidade de xeración para acadar máis do 6 % ou 7 % da enerxía que comercializamos e, por outra, neste mesmo período, vimos como novos actores de diferentes tipoloxías –corporacións e fondos de investimento, mais tamén proxectos locais ou municipais, cooperativos ou de investidores particulares medianos e pequenos e autoxeradores– construíron plantas de xeración eléctrica renovábel que poñen á venda cada día máis un volume moi importante de electricidade.

Tamén vimos anteriormente como os proxectos que son propiedade, ou están dominados, pola cooperativa presentan serias dificultades de sustentabilidade económica aos prezos previsíbeis de venda de enerxía no mercado durante os anos próximos.

Alén da utilización de contratos PPA entre SOM ENERGIA, SCCL e as súas sociedades de xeración coa cautela de non autoenganarnos transferindo resultados da comercialización á xeración que comentamos, entendemos que habería que revisar a visión estratéxica da cooperativa e crear un grupo de traballo a tal efecto. Pensamos que o obxectivo xa non pode ser unicamente a xeración e hai que impulsar novas liñas de acción, investimento e negocio para promover a transición enerxética. Neste sentido, a xeito de exemplo, a electrificación da mobilidade precisa un impulso de infraestruturas que podería ser explorado pola cooperativa. Outro exemplo sería explorar unha liña de actividade para converternos en xestores enerxéticos integrais dos nosos socios, socias

e clientela, mesmo financiando plantas para o seu autoconsumo, sexan particulares ou empresas.

Santi Andorrà i Sunyer

Santiago Martí Díaz

Xavier Cots i Majoral

39361624E

22661680X

39344018B

Barcelona, 4 de xuño de 2020